

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PARQUE DE MARÁNS

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 14 de marzo de 2022

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Parque de Maráns, coñecido popularmente entre os veciños e veciñas de Cuntis como *O Monumento*, sitúase á saída do casco urbano en dirección a Cardecide, accedendo dende a vila pola rúa da Palma. O monumento do Sagrado Corazón de Xesús, do escultor Francisco Asorey, preside o entorno que se constitúe como miradoiro privilexiado sobre o casco urbano. Data de 1945 e na actualidade presenta un estado de conservación moi mellorable.

Veciñanza coincide coa posibilidade de “acometer unha transformación do Parque de Maráns na cal se deforeste as árbores actuais apostando por especies autóctonas como o castiñeiro de froito e dándolle cabida a que diferentes artistas ou escultores poidan introducir obras nese espazo, [...] adecentar os merendeiros e dotalos de servizo de auga potable.”

A posta en valor dun espazo natural tan representativo e aproveitable, hoxe practicamente marxinado e sen o nivel de conservación que merece é unha oportunidade para tirar un aproveitamento lúdico e cultural que sería moi interesante para a vila. O acondicionamento do Parque de Maráns e a súa conexión co casco urbano, coa introdución de espazos multidisciplinares para o seu aproveitamento cultural e de lecer, require dun proxecto de humanización que respecte a contorna natural na que se sitúa.



Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar Instar ao goberno municipal á elaboración dun proxecto de rehabilitación e acondicionamento do Parque de Maráns e á dotación económica suficiente para acometer a súa transformación.